

**ACORDOS**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DIA 7 DE ABRIL DE 2016**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13.00 horas, do día sete de abril de dous mil seis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1. APROBACION PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS E EXPEDIENTE DE ALLEAMENTO, MEDIANTE ADXUDICACION DIRECTA, DUN TRAMO DE CAMIÑO PUBLICO DE CROTO A GUILLUFE.-
2. APROBACION DE SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-
3. MEMORIA SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2015.-

**1. APROBACION PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS E EXPEDIENTE DE ALLEAMENTO, MEDIANTE ADXUDICACION DIRECTA, DUN TRAMO DE CAMIÑO PUBLICO DE CROTO A GUILLUFE.-**

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para o alleamento de tramo de camino público de Croto a Guillufe, dunha superficie aproximada de 900 m2, que da acceso ás fincas denominadas Chousa do Campo, nº XXX e Espiño do Can nº XXXXXX (fracción da finca nº XXX) do Plano de concentración parcelaria de Gorgullos, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de condicións que ten que rexer a adxudicación directa, nos termos que figura no expediente.

TERCEIRO.- Ofertar ao propietario das fincas lindeiras como camino, don A.L.L., o seu alleamento a título oneroso polo Concello, debendo deixar constancia no expediente a invitación cursada e das razóns da súa aceptación ou rexeitam ento.

**2. APROBACION DE SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-**

Acordos adoptados:

Conceder dita tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.

### **3. MEMORIA SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2015.-**

Aprobar dita memoria por unanimidade dos asistentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.